

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de setembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D. Xesús López Carreira
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1222).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

- a) Sentenza do TSXG Sala do CA, Sección 1^a, nº 628 do 7.07.2009 Demandante: D. Julio Carrasco Rodríguez. Obxecto: esta sentenza resolve a apelación interposta polo interesado, contra a sentenza de instancia, desestimando con custas de oficio. Expte. 3190/111

- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PO66/2007. Demandante: D^a Remedios Cachafeiro Cachafeiro. Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra acto do 7.02.07 sobre concesión de entrada de vehículos. Sentenza nº 141, do 30.06.2009. Estimación parcial. Expte. 3726/111.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA82/2009. Demandante: D. Manuel Agustin Reguera Rivero e outros nove sarxentos da Policía Municipal. Obxecto: Desestimación “presunta” de solicitude do 26.03.2008 sobre retribución das “substitucións” como “xeferes de turno” 2005-2007. Sentenza nº 156, do 28.07.2009. Desestima o recurso. Expte. 5207/111.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A 438/2008 p.o. Demandante: Correos y Telégrafos S.A. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación económico-administrativa interposta ante o Tribunal Económico do Concello de Vigo o 18.10.2006 pola que se pretendía a exención da taxa por ocupación do dominio público coa instalación de buzóns e acordo da Xunta de Goberno Local de 17.11.08, desestimatorio de solicitude de devolución de aval. Sentenza nº 179/09 de 1 de setembro. Estimatoria. Expte. 4948/111.
- e) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2^a, nº 606, do 4.06.09, Apelación nº 4330/09. Demandante: M^a Jose Rodríguez Vidales. Obxecto: desestima o recurso de apelación do demandante, facendo firma a Sentenza de instancia. Expte. 4943/111.
- a) Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de Vigo. Xuízo ordinario 909/2006. Demandante: D. Senén Montero Vieiro. Obxecto: Acción reivindicatoria de parcela integrante do Parque das Coutadas, sinalada co núm. 17-A do parcelario do proxecto, adquirida polo Concello en virtude de Escritura Pública do 27.10.1994 por D. Antonio Durán e D. Calixto Escariz perante o notario de Vigo, D. Roberto Martínez Martínez, co nº 2620 do seu protocolo, inscrita dita última adquisición polo concello como finca rexistral núm. 4.924 do Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo. Sentenza nº 165, 24.07.09. Desestimatoria. Expte. 3074/111.
- f) Sentenza do T.S. Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3^a. Casación:442/2007. Sentenza do 30.06.2009. Demandante: Viajes Melytour S.L., Inadmite o recurso de casación da demandante, con custas á recorrente. Expte. 2231/111.
- g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de León. RC-A nº 195/09 P.A. Demandante: D. Angel Fernández Argüello. Obxecto: Resolución do 7 de abril (en reposición) e 12 de xaneiro 2009. Sanción de tráfico. Auto do 2.06.2009, declara falta de competencia. Expte. 5188/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

2(1223).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA. EXPTE. 11676/331.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 25-06-2009, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral de datas 14-08-2009 e 21-09-2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, para realizar unha programación conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura nos anos 2009, 2010 e 2011.
- 2.- Autorizar un gasto de 2.500 € en 2009 e de 7.000 € anuais durante os exercicios económicos de 2010 e 2011, con cargo á partida 4510.226.08.01 “Programa de exposicións”, para atender as obrigas correspondentes ao Concello de Vigo derivadas do convenio (produción de material básico para difusión das exposicións).”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA

Vigo, ____ de _____ de 2009

COMPARECEN

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF P3605700H, con sede na praza do Rei núm. 1, 36202; en virtude do decreto de delegación de Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e do acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007, de Vigo (en adiante o Concello).

Doutra parte, D. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, con CIF Q-8650002B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño publicado no DOG núm. 115, do 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no DOG num. 237, de 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende (edificio Reitoría), código postal 36310 de Vigo.

Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica dabondo, subscriben en nome das respectivas entidades o presente documento e, para os efectos,

EXPOÑEN

- 1.- *Que ambas as dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e colaboración para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de carácter cultural dirixidos á cidadanía viguesa en xeral e, en particular, á comunidade universitaria do campus de Vigo.*
- 2.- *Que ambas institucións teñen sinerxias que poden e deben complementar a oferta cultural da*

cidade de Vigo e a súa área de influencia. A Concello de Vigo e a Universidade de Vigo como entidades promotoras de cultura poderían aproveitar as súas potencialidades que se relacionan co outro ricaz conglomerado creativo que se amosa en toda a cidade, de xeito que determinados espazos da cidade e da Universidade poidan asociarse con esta formulación cultural, creando unha imaxe de marca asociada a estes valores, á cidade de Vigo e ás dúas institucións asinantes deste convenio.

3.- *En consecuencia e por todo isto, ambas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes da Universidade de Vigo para a organización conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura, no período 2009-2011.

SEGUNDA.- PROGRAMA

En virtude deste convenio preténdense promover, desenvolver e apoiar o deseño e execución dun programa expositivo que ten como obxecto principal potenciar os novos valores e as iniciativas, proxectos e actividades vangardistas e alternativas de calidade que complementan a oferta cultural xa existente na cidade e que contribúan a acadar os obxectivos de ambas institucións.

As exposicións do programa expoñeríanse na planta baixa da Casa Galega da Cultura nun período de catro (4) meses, incluídas montaxes e desmontaxes, en cada un dos anos de vixencia deste convenio, excepto no ano 2009 que se limitaría ao período do 3 de novembro ao 15 de decembro. As exposicións amosarían diferentes ámbitos (artes plásticas, visuais, científicas, literarias, teatrais...) dirixidas por diferentes comisarios nomeados pola Universidade de Vigo.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS ENTIDADES ASINANTES DO CONVENIO

A Universidade de Vigo comprométese a:

- *Desenvolver a programación anual (consistente en dúas exposicións) para o que nomeará un coordinador xeral e os comisariados de cada exposición. A Universidade de Vigo presentará a proposta do programa concreto ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, ou á persoa que este nomee, no mes de outubro de cada anualidade precedente á da programación.*
- *Realizar o deseño gráfico do material de difusión.*
- *Asumir a produción das exposicións (montaxe, desmontaxe, transportes, etc.), seguros, permisos, autorizacións, xestión e gastos vencellados aos dereitos de autor e, en xeral, calquera outro concepto ou gasto non atribuído expresamente ao Concello de Vigo.*
- *Procurar a edición dos catálogos das exposicións realizadas; por cada unha delas, por grupos, por ciclos ou da forma en que a Universidade de Vigo o considere máis adecuado.*

O Concello de Vigo comprométese a:

- a) *Ceder o uso da sala de exposicións da planta baixa da Casa Galega da Cultura (praza da Princesa 2) durante o período acordado para cada programa anual de exposicións.*
- b) *Facilitar un servizo de atención ao público na sala de exposicións e o control de acceso do edificio.*

- c) *Dispoñer o mantemento e limpeza da sala de exposicións.*
- d) *Producir o material básico de difusión para cada exposición (folletos, cartel, invitacións e sobre, lona en exterior do edificio, ...) de acordo co límite máximo orzamentario previsto neste convenio e de acordo co procedemento de contratación dos servizos e subministracións que xestionará o Concello de Vigo.*
- e) *Proporcionarlle á Universidade de Vigo unha parte do material de difusión que precise (folletos, invitacións, sobres,) de acordo co plan conxunto que elaboren as dúas partes.*

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento xeral anual do programa obxecto do convenio ascende a 20.000 € (vinte mil euros), con todos os impostos e gastos incluídos, nos anos, 2010 e 2011 e 10.000 € (dez mil euros) en 2009.

O Concello de Vigo realizaría gastos, anualmente, estimados nun máximo de 7.000 € (sete mil euros) en concepto de produción de material básico de difusión das exposicións.

No exercizo orzamentario de 2009 o Concello de Vigo realizaría gastos por un máximo de 2.500 € (dous mil cincocentos euros).

Os gastos que asume o Concello de Vigo derivados deste convenio aplicaranse á partida 4510.226.08.01 "Programa de exposicións", condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade.

Os gastos que asume a Universidade de Vigo derivados deste convenio aplicaranse á partida 0023.221E.229.01 Actividades Culturais, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade e ata un máximo de 13.000 € (trece mil euros) anuais.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

O seguimento do convenio, da planificación, desenvolvemento e avaliación das actividades do programa realizaranse a través dunha comisión mixta na que estarán presentes o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, a Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes da Universidade de Vigo e un técnico de cada unha das entidades asinantes, que cada parte nomeará antes do mes de outubro de 2009. Os técnicos citados serán os interlocutores das dúas entidades asinantes para a coordinación das actividades obxecto deste convenio.

SEXTA.- OUTROS ACORDOS DE COLABORACIÓN CULTURAL

As entidades asinantes deste convenio procurarán outros acordos ou convenios de colaboración cultural, para os que se determinará:

1. *Descrición do obxecto de convenio.*
2. *Definición do programa de traballo acordado.*
3. *Formulación do orzamento e/ou da achega das respectivas partes, coa consignación, se procede, da conseguinte partida orzamentaria.*
4. *Relación de persoas que ambas partes asignan para o desenvolvemento do convenio.*
5. *Calquera outro aspecto que se considere relevante.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN

O material editado en relación coas actividades deberá contar coa conformidade previa das dúas entidades asinantes do convenio, a través dos seus representantes na comisión mixta. O anagrama-

logotipo do Concello de Vigo/Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural e da Universidade de Vigo/Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes figurarán debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas, créditos e contidos que se acorden.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada entre os responsables institucionais na comisión mixta.

OITAVA.- INCUMPRIMENTOS

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo. Previamente, as partes, comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias a través da comisión mixta de seguimento do convenio.

NOVENA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011 e non será prorrogable.

As partes poderán denunciar o convenio ou propoñer a súa modificación, a través de escrito comunicado cunha antelación mínima de tres meses antes do remate de cada un dos exercicios presupostarios comprendidos na súa vixencia.

E en proba de conformidade cos termos do convenio de colaboración, as partes o asinan por triplicado no lugar e data expresados ao comezo.

3(1224).- AUTORIZACIÓN Á DELEGACIÓN VIGUESA DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR A “CARREIRA POPULAR VIGO + 11” PARA O 4.10.2009, E CONTAR COA POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL ASÍ COMO UN PALCO PARA ENTREGA DE TROFEOS. EXPTE. 8779/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico do IMD, do 15-09-2009, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo, a organizar a “CARREIRA POPULAR VIGO + 11”, con saída ás 11.00 horas, dende Concepción Arenal (hotel Cidade de Vigo), Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Carral, Marqués de Valladares, Colón, Areal, Isaac Peral, García Barbón, García Barbón, Colón, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Cánovas del Castillo, Beiramar, Ánimas, Tomás A. Alonso, Coruña, C. Comercial Travesas, Camelias (parte dereita), Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón e Concepción Arenal.

4(1225).- DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE EMERXENCIA PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS (LER 200307), A PARTIR DO 1 DE SETEMBRO

DO 2009. EXPTE. 2542/252.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Resolución da Alcaldía do 16-09-2009, que di o seguinte:

“Tendo en conta o informe do Xefe do Servizo de Limpeza e Xestión de Residuos Municipal de data 15 de setembro do 2009, relativo ao perigo que supón tanto para os peóns como para a seguridade do tráfico, o feito de que se acumulen residuos voluminosos nos viais da cidade,

RESOLVO

- a) *Contratar polo procedemento de emerxencia a xestión dos residuos Voluminosos recollidos na cidade de Vigo a partir do día 1 de setembro do 2009 (código LER 200307)*
- b) *Adxudicar o contrato á empresa TOYSAL pola proximidade xeográfica a un prezo de 90 euros por tonelada máis IVE.*
- c) *Do anterior deberase dar conta á Oficina de Intervención Municipal, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación Municipal.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

5(1226).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 9958/332.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación na súa sesión que tivo lugar o día 18 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. Adxudicar provisionalmente a Imaxinería, S.L. O lote 1 (Escola Municipal Infantil Atalaia-Teis) do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola municipal de Teatro do Concello de Vigo (expte. 9958-332) por un prezo total de 204.249,76 euros, desglosado en 174.249,76 euros como prezo de xestión e 30.000 euros de gastos de instalación e un prezo hora de 25 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do Concello de Vigo obterase de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación por importe de 623,24 euros.

6(1227).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO EN ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 3254/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 07-09-2009, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico e pola Intervención Xeral, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local de 07-08-2006 acordou contratar con Servizos Medioambientais Forsai, S.L. o mantemento de zonas de interese patrimonial.

Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contados dende o día un do mes seguinte o día no que se asine o contrato. O contrato asinouse o 20-09-2006, polo que o contrato comezou o 01-10-2006. Nesta mesma cláusula e no apartado 7.3 da Folla de especificacións do contrato (FEC) prevíase a posibilidade de prorrogar o contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prorrogas previo acordo expreso do órgano de contratación.

A Xunta de Goberno Local realizada o 08-09-2008 acordou prorrogar o contrato para o período 01-10-2008 ó 30-09-2009.

A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prórroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións propónse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 01-10-2009 ó 30-09-2010 do contrato para o mantemento de zonas de interese patrimonial adxudicado a Servizos Medioambientais Forsai, S.L, por acordo da Xunta de Goberno do 07-08-2006.

O importe da prórroga será de 52.740,19 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4531 2100000 de acordo coa seguinte distribución: 13.185,04 euros no ano 2009 e 39.555,04 euros no ano 2010.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1228).- CONDICIÓN S PARA ALLEAMENTO DE 33 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2953/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 17-09-2009, conformado polo delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Allear para chatarra 33 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do aboamento do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

8(1229).- 2ª REVISIÓN DE PREZOS PARA O CONTRATO DO SERVIZO DE ALFABETIZACIÓN DE ADULTOS. EXPTE. 18728/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de administración especial do 14-09-2009, conformado pola concelleira de Contratación e pola Intervención Xeral o 21-0-2009, que di o seguinte:

“Por parte do xefe do servizo de educación, remítese a este servizo o expediente de contratación do servizo de xestión e docencia dos cursos de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo, por ter solicitada a revisión do prezo do contrato a entidade "Mulleres Progresistas", asesoramento e información, adxudicatarias, por acordo da XGL de 26 de marzo de 2007, do concurso convocado para a contratación da prestación do servizo.

O prezo de adxudicación ou prezo inicial do contrato é de 32.000,00 euros, e o prezo da hora lectiva, a efectos de redución ou ampliación do servizo que se puideran adoptar, é de 40,86 euros.

O contrato administrativo firmado entre as partes establece que o prazo do contrato é de dous anos a contar dende o 1 de abril de 2007.

A posibilidade de revisión de prezos está contemplada na cláusula 3.2 do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación, facendo mención, en canto á forma de revisión ó apartado 9.1 e 9.2 da FEC. En ditos apartados recóllese que a primeira revisión efectuarase transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

O contrato prorrogouse por acordo da XGL de 23 de marzo de 2009, polo período comprendido entre o 1 de abril de 2009 e o 31 de marzo de 2010.

Na XGL de 19 de maio de 2008, adoptouse o acordo de "Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas, establecendo o prezo anual revisado a partir do 1 de abril de 2008 na cantidade de 33.696,00 euros/ano.

O prezo hora a efectos de ampliación redución do contrato, como consecuencia da revisión será de 43,03 euros/hora".

Segundo informe do INE a variación do IPC de marzo 2008/2009 foi de – 0,1%, polo que aplicado ó prezo do contrato obtense un prazo revisado para o período 1 de abril de 2009 a 31 de marzo de 2010 de uros. E un prezo hora a efectos de ampliación redución do contrato de 42,99 euros/hora.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno local, previo informe da Intervención xeral, a adopción do seguinte

A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas, establecendo o prezo anual revisado a partir do 1 de abril de 2009 na cantidade de 33.662,30 euros/ano. O prezo hora, a efectos de ampliación/redución do contrato, como consecuencia da revisión será de 42,99 euros/hora.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

9(1230).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A EDUARDO CHAO VIVENDAS. EXPTE. 2952/241.

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 18-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 22-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Eduardo Chao, Promoción de Vivendas Protexidas, a fianza de 109.208.- euros constituída para responder do alleamento de parcela no PERI 4 BARREIRO 2 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

10(1231).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA MANUEL GALEGO RODRÍGUEZ. EXPTE. 2690/241.

Examinadas as actuación do expediente, vistos os informes da Oficina Técnica do 26-08-2009, da Intervención Xeral do 16-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a M. Galego Electrónica a fianza de 306,56.- euros constituída para responder da instalación da megafonía no lago do Parque de Castrelos xa que se executou (acta 17-05-94) conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

11(1232).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A NORVIAL S.L. EXPTE. 2890/241.

Examinadas as actuación do expediente, vistos os informes da Oficina Técnica de Patrimonio Histórico do 3-09-2009, da Intervención Xeral do 16-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a NORVIAL, S.L. a fianza de 11.280,-.- euros constituída para responder das obras de musealización da vila romana Toralla -2 º fase, xa que se recibiron (acta 17-05-94) conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

12(1233).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MOVEXVIAL S.L. EXPTE. 1089/443.

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 16-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L. a fianza de 12.636,92 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Magallanes, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

13(1234).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A AEVIGO S.L.2891/241.

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Oficina Técnica do 07.09.2009, da Intervención Xeral do 16-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a APLICACIONES DE INFORMATIVA AEVIGO, S.L., a fianza de 298,09 euros, constituída para responder da subministración de equipos informáticos xa que foron recibidos mediante acta de 10.06.2008 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

14(1235).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. EXPTE. 2621/241.

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 16-09-2009 e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 6.000.- euros, constituída para responder das obras de reparación xeral de beirarrúas xa que foron recibidas

por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

15(1236).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS A ORECO S.A.

a) Expte. 2831/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. as fianzas de 22.117,25; 19.232,38; 11.539,43; 3.877,35; 3.713,03 e 2.052,44 euros, constituídas para responder das obras de rehabilitación de gradas e cubertas do estadio municipal de Balaídos, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

b) Expte. 2836/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Oficina Técnica do 14.09.2009, o informe da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 4.647,03.- euros, constituída para responder das obras de reforma do edificio preescolar da rúa Aragón, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

c) Expte. 2840/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 4.207,08 euros, constituída para responder das obras no frontón do IMD, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

d) Expte. 2841/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 3.996,68 euros, constituída para responder das obras de remodelación da cuberta do frontón do IMD, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

e) Expte. 2847/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 5.672,76 euros, constituída para responder das obras obras complementarias piscina e entorno das Travesas, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

f) Expte. 2850/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 16.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 988,48 euros, constituída para responder das obras de rehabilitación edificio na rúa Sta. Marta (modificado), xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

g) Expte. 2853/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 22-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.509,18 euros, constituída para responder das obras de mellora de beirarrúas nas rúas Portela e Purificación Saavedra, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

h) Expte. 2858/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 4.108,93 euros, constituída para responder das obras de remodelación da piscina do C. Deportivo de Samil, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

i) Expte. 2859/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Oficina Técnica, da Intervención Xeral do 17.09.2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 379,07 euros, constituída para responder das obras de peche do recinto preescolar Sta. Tecla, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

k) Expte. 2861/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Oficina Técnica do 14-09-2009, da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.800,79 euros, constituída para responder das obras de adaptación local en Tomás A. Alonso para ludoteca, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

l) Expte. 2862/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-da Oficina Técnica do 14-09-2009, da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.564,73 euros, constituída para responder das obras no local de Romil nº 20, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

m) Expte. 2863/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 16-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 7.849,22 e 981,22 euros, constituída para responder das obras no Parque Central de Santa Cristina, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

n) Expte. 2866/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 31.166,76 euros, constituída para responder das obras de construción da piscina cuberta das Travesas e urbanización do contorno, por se executaren

conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

ñ) Expte. 2871/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da oficina técnica do 14-09-2009, da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 6.372,09 euros, constituída para responder das obras da planta baixa do edificio da Avda. D^a Fermina, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

o) Expte. 2872/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da oficina técnica do 14-09-2009, da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.969,16 euros, constituída para responder das obras de substitución do tellado no CP Calvario-Doblada, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

p) Expte. 2873/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da oficina técnica do 14-09-2009, da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 371,31 euros, constituída para responder das obras do local do IME para laboratorio fotográfico, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

q) Expte. 2886/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da da Intervención Xeral do 16-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 4.469,08 euros, constituída para responder da ampliación da cuberta da pista polideportiva de Beade, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

r) Expte. 2887/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da da Intervención Xeral do 16-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009,

a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.310,88 euros, constituída para responder da construción de cuberta na bancada das pistas de atletismo de Balaídos, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

s) Expte. 2888/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da da Intervención Xeral do 16-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 1.413,64 euros, constituída para responder das obras de seguridade no Estadio Municipal de Balaídos, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

t) Expte. 2889/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da da Intervención Xeral do 16-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 17-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 8.986,63 euros, constituída para responder das obras de remodelación do ximnasio do Carme, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

u) Expte. 2949/241

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 17-09-2009 e o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 8.777,9- euros, constituída para responder das obras de construción polideportivo no CP García Barbón, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

16(1237).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS DA OBRA DE REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE (EXPTE. 4474-307). EXPTE. 2911/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 18 de setembro emitido pola xefa de Patrimonio Histórico coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a devolución dos avais para acopio de materiais constituídos pola entidade “CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.”, adxudicataria das obras de “REMODELACIÓN DA

RÚA TEÓFILO LLORENTE”, e que ascenden á cantidade de 312.042,82 euros.

2º.- Notificar este acordo á Intervención municipal e aos interesados.

17(1238).- AUTORIZAR Á MERCANTÍL CONSTRUCCIONES CARDEÑOSO S.L. A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DA GALERÍA DE TIRO POLICIAL. EXPTE. 33785/212.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe propostas do superintendente xefe da Policía Local do 23-09-2009, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á mercantil CONSTRUCCIONES CARDEÑOSO, S.L., con CIF b-36.657.252 a ampliación do prazo para o remate da obra de construción da galería de tiro policial (Expte. 33785/212), prevista segundo o contrato subscrito coa mesma para o pasado 12 de xullo de 2009, e que se sinala de xeito improrrogable para o próximo 31 de outubro de 2009.

18(1239).- CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA CONCELLO DE VIGO E ESCOLA INTERNACIONAL DE PROTOCOLO S.L. EXPTE. 19294/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do 09-09-2009, da técnica de RR HH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Carlos López Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e D Gerardo Correas Sánchez, en calidade de Conselleiro Delegado da Escola Internacional de Protocolo, S.L. para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Escola, ao obxecto de completar a súa formación.

SEGUNDO.- Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos integramente pola Escola Internacional de Protocolo, S.L. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

TERCEIRO.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO
E A ESCOLA INTERNACIONAL DE PROTOCOLO, S.L., PARA A REALIZACIÓN DE
PRÁCTICAS PRE-PROFESIONAIS**

En Vigo, a _____ de 2009

REUNIDOS

Dunha parte, D. CARLOS LÓPEZ FONT, Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, , con enderezo social na Praza do Rei, nº 1 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P 3605700H , en virtude do decreto de delegación de competencias do Sr. Alcalde-Presidente de data 5 de xullo e 2007,

E doutra, D. GERARDO CORREAS SÁNCHEZ, en calidade de Conselleiro Delegado da Escola Internacional de Protocolo, S.L., entidade domiciliada no número 15 da Calle Duque de Alba de Madrid e CIF: B83789404.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración deste convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas pre-profesionais entre o Concello de Vigo e a Escola Internacional de Protocolo, S.L, polo que

EXPOÑEN

O interese de ambas as dúas entidades en facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario, para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Con este fin, e ao abeiro do establecido no R.D. 1497/81 sobre programas de cooperación educativa, modificado polo R.D. 1845/94, na Lei orgánica 6/2001 de Universidades e disposicións complementarias, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O obxecto deste convenio é a regulación dun programa de prácticas pre-profesionais entre a Escola Internacional de Protocolo e Relacións Institucionais e o Concello de Vigo para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos/as estudantes en áreas operativas do Concello de Vigo relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos/as futuros/as titulados/as universitarios/as, conforme as seguintes características:

- *Fomento de prácticas formativas no Concello de Vigo, por parte dos estudantes da EIP, que conduza a completar os seus estudos, a fin de dotar dun complemento práctico á formación académica que reciben, e con obxecto de que estes complementen os seus coñecementos e experiencias, de xeito que poidan acadar unha síntese máis personalizada e completa da súa educación cara ao mellor desempeño do seu propio traballo.*

SEGUNDA.-

Este programa está dirixido ao alumnado da Escola Internacional de Protocolo e Relacións Institucionais, entidade de carácter privado que centra a súa vocación na formación especializada en Protocolo e Cerimonial, na edición de libros e revistas especializadas e no asesoramento a todo tipo de institucións e entidades privadas.

TERCEIRA.-

O programa de prácticas pre-profesionais no Concello de Vigo cumprirá as seguintes características:

1. *A duración das prácticas axustarase á lexislación vixente*
2. *O período de realización das actividades obxecto do presente convenio desenvolveranse de luns a venres, durante o período de vixencia do mesmo.*
3. *O horario de prácticas procurará, en todos os casos, a adaptación cos horarios lectivos para que o alumnado teña as maiores facilidades na súa práctica pre-profesional e na continuación dos seus estudos, de xeito que os días que o/a alumnado/a teña que realizar algún exame, co aviso previo e xustificación da súa realización a posteriori ante a empresa ou entidade, quede exento das prácticas dese día.*

CUARTA.-

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte ao CONCELLO DE VIGO, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Os estudantes débense no desenvolvemento das practicas obxecto deste convenio, aos principios de boa fe , sxiilo, profesionalidade e confidencialidade.

Tanto a EIP como os estudantes declaran coñecer expresamente que o uso dos medios ou ferramentas informáticas postas a súa disposición, exclusivamente poderán ser utilizados para uso estritamente profesional, quedando prohibido en consecuencia, a utilización para uso persoal de tales medios. Polo tanto, acepta que a información xerada como consecuencia da realización das prácticas e incorporada aos medios informáticos que esta ten postos a súa disposición, pasará a ser propiedade do Concello de Vigo.

Tanto EIP como os estudantes ceden ao Concello de Vigo todos os dereitos da Propiedade Intelectual que, no seu caso, lle puideran corresponder sobre os proxectos nos que colabore.

QUINTA.-

De conformidade co establecido na normativa na que se fundamenta este convenio de cooperación educativa, o período de prácticas non constitúe, baixo ningún concepto, relación laboral entre o alumnado e o Concello de Vigo

SEXTA.-

Calquera eventualidade de accidente debe tratarse baixo o réxime do seguro escolar, e si son maiores de 28 anos o seguro de accidentes correspondente e, en todos os casos, a responsabilidade civil a terceiros.

SÉTIMA.-

Este convenio non supón gasto ningún o Concello de Vigo, razón pola que non se precisa consignación orzamentaria.

En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias da Casa do Concello de Vigo.

OITAVA.-

Ao final do período de prácticas, logo do pedimento do/a estudante, expedirase unha certificación individual, asinada conxuntamente polas dúas entidades, con mención expresa da(s) especialidade(s) ou área(s) onde se desenvolveu a práctica pre-profesional e as tarefas realizadas.

Igualmente, os/as profesionais que participen neste labor como titores/as terán a consideración de colaboradores/as nos programas de cooperación educativa e poderán obter o certificado correspondente se o solicitan expresamente.

NOVENA.-

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

DECIMA.-

Constituirase unha comisión paritaria, na que haberá un rexistro onde se inscribirá o estudantado interesado en formar parte do programa.

Esta comisión estará integrada por dous membros de cada entidade, onde constarán obrigatoriamente os/as titores/as de prácticas nomeados/as polo centro e máis pola empresa.

A comisión realizará as reunións que considere oportunas para avaliar o progreso formativo do estudantado e resolver as cuestións que xurdan no desenvolvemento dos programas e, como mínimo ao comezo e ao remate do período de prácticas.

Para a regulación dos aspectos non especificados neste convenio e que poidan afectar o desenvolvemento das prácticas pre-profesionais, ambas as partes poden crear un procedemento onde se especifiquen estas cuestións.

DÉCIMO PRIMEIRA .-

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun ano, prorrogándose automaticamente por igual período de tempo, salvo que algunha das partes o denuncie, cunha antelación mínima de tres, á data do seu vencemento.

Por circunstancias especiais e xustificadas, que fixesen difícil a continuación do período de prácticas, o Concello de Vigo estará facultada para anular ou suspender o compromiso adquirido neste convenio de cooperación educativa en calquera momento do período de estadía de prácticas pre-profesionais.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na comisión mixta someteranse á resolución da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao comezo.

19(1240).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a ANA KOWALSKI BIANCHI. EXPTE. 19309/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal:

“Vista a solicitude (doc. núm. 90132869) de D^a Ana Kowalski Bianchi (núm. persoal 78120), asesora xurídica do CMIDM, adscrita ao servizo de Igualdade, de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 16 de xuño do 2009,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O:

Deixar sen efecto a partir do día 1 de outubro do 2009, a redución de xornada solicitada por D^a Ana Kowalski Bianchi, núm. persoal 78120, con posto de traballo de asesora xurídica do CMIDM, adscrita ao servizo de Igualdade, debendo percibir a partir de dita data as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do servizo, Intervención Xeral e Recursos Humanos e dese conta, así mesmo, á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

20(1241).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO O DECRETO

DE 10 DE AGOSTO DE 2009 SOBRE PRÓRROGA DE CONTRATACIÓN DA ENCARGADA DO PROGRAMA ÚTIL. EXPTE. 19319/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal do 18-09-2009:

“Tendo sido recibido neste servizo escrito asinado polo Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego en data 12/08/2009 solicitando a prórroga do contrato laboral temporal que vincula á traballadora D^a M^a Isabel Pérez Rodríguez con este Concello de Vigo nas condicións solicitadas polo Servizo Xestor e dado o tempo transcorrido dende a formulación da proposta, pola presente e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007,

RESOLVO:

“Deixar sen efecto o Decreto de data 10 de agosto de 2009 dispoñendo a autorización da prórroga da traballadora citada nos termos do solicitado polo servizo xestor do mesmo en escrito de data 10 de xullo de 2009, que terá unha duración dende o 18 de agosto rematando o contrato o próximo 2 de novembro de 2009.

Da presente resolución dese conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

21(1242).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2009. EXPTE. 19302/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de 11-08-2009 da técnica de avaliación e formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo de RR HH e informado pola Intervención Xeral o 18-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	NOME	MES	IMPORTE TOTAL
IMD	Rodriguez Presas, Julio	agosto	180,86
1ª Tenencia Alcaldía	De Alonso Rodriguez Juan Pablo a Pérez Costas Jose Luis	agosto	247,73
Alcaldía	Abalde Comesaña, Raquel	agosto	104,26
Bombeiros	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	agosto	44.625,59

SERVIZO	NOME	MES	IMPORTE TOTAL
Cemiterios	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	agosto	2.500,26
Conserxería	Fernandez Alonso Jose Angel	agosto	8,02
Limpeza	De Alonso Macias Jorroto Juan C a Vazquez Varela Severino	agosto	2.281,21
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Troncoso Campos, Adolfo	xullo	2.071,37
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	agosto	2.632,77
Parque Móbil	De Alonso Gonzalez, Angel a Vulcano Ferreyra J. Genaro	agosto	1.623,89
Policía Local (xornada en exceso)	De Abalde Casanova, Ivan a Vidal Lorenzo Lucia	agosto	3.695,34
Policía Local	De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	agosto	58.346,65
Policía Local (xulgados)	De Covelo Costas Juan Miguel a Suarez Piñeiro David	agosto	352,88
Policía Local	De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Xullo	50.406,80
		TOTAL	118.670,83

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 118.670,83 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(1243).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO 2009. EXPTE. 19261/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de xestión do 31-08-2009, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, polo concelleiro delegado da área de Xestión o 31-08-2009 e informado pola Intervención Xeral o 14-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 4.734,36 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras; OSPIO, Mobilidade e Seguridade, Parque Móbil, Conserxería, Cemiterios, Participación Cidadá, Benestar Social e Contratación correspondentes ao mes de xullo de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servizo	Total
4420	Limpeza	326,04 €
5110	OSPIO-Vias e Obras	2.719,20 €
2220	Mobilidade, Transporte e Seguridade	625,29 €

1212	Parque Móbil	267,41 €
1210	Conserxería	299,00 €
4430	Cemiterios	171,00 €
4631	Participación Cidadá	83,98 €
3130	Benestar Social	15,58 €
1216	Contratación	226,86 €
TOTAL		4.734,36 €

23(1244).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN TRAVESÍA DE VIGO 4ª FASE. EXPTE. 57614/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do 04-09-2009, do xefe administrativo da área de Servizos Xerais e Vías e Obras do 04-09-2009, conformado pola concelleira-delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras e Informado pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 07-09-2009 e 24-09-2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda.

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras do proxecto de humanización da Travesía de Vigo. Fase 4ª (entre as rúas Numancia e Urzáiz), segundo proxecto redactado por PETRA (Plans Estratéxicos Territoriais e Medio-ambientais).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á partida orzamentaria e importes seguintes:

Importe total con IVE:	2.006.805,31€
Prezo sen IVE	1.730.004,58
IVE soportado pola administración	276.800,73
Partida orzamentaria:	5110.611.0001

TERCEIRO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

24(1245).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN ZONA POVISA 2ª FASE. EXPTE. 57615/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais e Vías e Obras do 04-09-2009, conformado pola concelleira-delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras e Informado pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 07-09-2009 e 24-09-2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda.

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas

particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras do proxecto de “Humanización da Zona de Povisa. Fase 2. rúas Regueiro e Tarragona”, segundo proxecto redactado por PETRA (Plans Estratéxicos Territoriais e Medio-ambientais).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á partida orzamentaria e importes seguintes:

Importe total con IVE:	1.236.507,14€
Prezo sen IVE=	1.065.954,43 €
IVE soportado pola administración =	170.552,71
Partida orzamentaria:	5110.611.0004

TERCEIRO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

25(1246).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 59127/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais e Vías e Obras do 07-09-2009, conformado pola concelleira-delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras, polo Asesor Xurídico de área e pola Intervención Xeral o 24-09-2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda.

PRIMEIRO.- Aprobar a urxencia para a tramitación do expediente 59.127-250, de aprobación do proxecto de OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Gregorio Fernández e dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras dos mesmos, dada a necesidade de cumprir o convenio aprobado entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia neste exercicio económico.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Gregorio Fernández, cun presuposto total de licitación de 1.126.989,78 €, redactado polos enxeñeiros D. Juan Vicente Albín Níguez e D. Luis Vicente Vilar Montoro.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación, por procedemento aberto e trámite de urxencia, das obras do proxecto indicado no punto anterior .

CUARTO.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo a partida orzamentaria correspondente:

OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Gregorio Fernández

- Importe total con IVE:	1.126.989,78 €
- Prezo sen IVE:	971.542,91 €

- IVE soportado pola administración: 155.446,87 €
Partida orzamentaria: 5110.611.0080

Este importe financiarase nos orzamentos municipais segundo o seguinte:

- ano 2009: 90.067,23 € (aportación do convenio da CPOTOP)
- ano 2010: 1.036.922,55 (180.000,00 € aportación convenio CPOTOP e 856.922,55.-€ aportación orzamento municipal)

QUINTO.- Comprometerse por parte do Concello de Vigo a consignar, nos orzamentos do exercicio 2010, o importe necesario para financiar as obras na parte que lle corresponda ao Concello, segundo o convenio referido no apartado anterior, e que ascendería a 856.922,55 €. Polo tanto, o inicio das obras quedará en suspenso en tanto non se dispoña do crédito necesario para executalas.

SEXTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

26(1247).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ. EXPTE. 59194/250

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais e Vías e Obras do 14-09-2009, conformado pola concelleira-delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras, polo Asesor Xurídico de área e pola Intervención Xeral o 24-09-2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda.

PRIMEIRO.- Aprobar a urxencia para a tramitación do expediente 59.194-250, de aprobación do proxecto de OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Manuel Álvarez e dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras dos mesmos, dada a necesidade de cumprir o convenio aprobado entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia neste exercicio económico.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Manuel Álvarez, cun presuposto total de licitación de 5.169.538,97€, redactado pola enxeñería PETTRA.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de prescrición técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación, por procedemento aberto e trámite de urxencia, das obras do proxecto indicado no punto anterior .

CUARTO.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo a partida orzamentaria correspondente:

OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN da rúa Manuel Álvarez

- Importe total con IVE: 5.169.538,97 €

- Prezo sen IVE: 4.456.499,11 €
- IVE soportado pola administración: 713.039,86 €
- Partida orzamentaria: 5110.611.0082

Este importe financiarase nos orzamentos municipais segundo o seguinte:

- ano 2009: 399.428,57 € (aportación do convenio da CPOTOP)
- ano 2010: 2.274.110,40 € (795.000,00 € aportación convenio CPOTOP e 1.479.110,40 € aportación orzamento municipal)
- ano 2011: 2.496.000,00 € (aportación convenio CPOTOP)

QUINTO.- Con carácter excepcional, as actas de comprobación do replanteo das obras da rúa Manuel Álvarez asinarase nun prazo máximo de cinco meses, contados dende a data de formalización do contrato, para axustarse ao convenio suscrito entre o Concello e a Consellería, e a que exista crédito necesario e suficiente para a execución das referidas obras.

SEXTO.- Comprometerse por parte do Concello de Vigo a consignar, nos orzamentos do exercicio 2010, o importe necesario para financiar as obras na parte que lle corresponda ao Concello, segundo o convenio referido no apartado anterior, e que ascendería a 1.479.110,40 €. Polo tanto, o inicio das obras quedará en suspenso en tanto non se dispoña do crédito necesario para executalas.

SÉTIMO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

27(1248).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA POR IMPORTE DE 8.066,40 € A FAVOR DE EULEN S.A. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 142/551.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo, interventor técnico no Mercado do Progreso do 21-08-2009, conformado polo concelleiro da área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos e así mesmo informado pola Intervención Xeral o 21-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de EULEN SA (C.I.F.A28517308), na contía de 8.066,40 €, correspondentes ós servizos prestados de administración e xerencia do Mercado no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

SEGUNDO.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2009, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor EULEN SA (C.I.F. A28517308), polo importe de 8.066,40 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
127/551	v	2148432	31/01/2009	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €
228/551	v	2205211	10/07/2009	1.379,17 €	220,67 €	1.599,84 €
130/551	v	2168799	31/03/2009	1.398,48 €	223,76 €	1.622,24 €
131/551	v	2178667	30/04/2009	1.398,48 €	223,76 €	1.622,24 €
132/551	v	2189021	31/05/2009	1.398,48 €	223,76 €	1.622,24 €

TERCEIRO.- Ordenar o pago a favor de EULEN SA (CIF A28517308) polo devandito importe de 8.066,40 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso” do orzamento vixente.

28(1249).- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 3838/407.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 22-09-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do organigrama e da Relación de postos de traballo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, que figura no expediente como Anexo I, de conformidade cos informes obrantes no expediente administrativo 3838/407.

SEGUNDO.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 74 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

29(1250).- POSTA EN SERVIZO DE RÚAS: ZARAGOZA(DE HISPANIDADE A TARRAGONA), SEVILLA (DE ZONA VERDE A BARCELONA), TARRAGONA (DE ZARAGOZA A PINTOR COLMEIRO), PINTOR COLMEIRO (DE HISPANIDADE A TARRAGONA) E ZONA DE VERDE DA TAPA DO APARCAMENTO EN CONCESIÓN DE PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 70/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do Delegado de Urbanismo e Vivenda da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 24 de setembro de 2009, que di o seguinte:

“En data 30.04.03 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da UE I-01 “Villalaura”. Así mesmo, o 23.10.07 a Xunta de Goberno

Local aprobou definitivamente o proxecto modificado de urbanización da UE I-01 “Villalaura” (expte 4716/401).

Por outra parte, a Xunta de Goberno Local en data 21.05.07 acordou a adxudicación da execución do contrato de xestión de servizo público de aparcamento público á UTE “Eloymar-Tranvías”. O proxecto construtivo do aparcamento público se encontra dentro do ámbito que se está a xestionar e que en próximas datas o Concello terá que recibir as obras de urbanización.

O 9.06.09 don Germán Martínez Serodio (doc. 90086009) solicitou a recepción parcial das obras de urbanización da UE I 01 “Villalaura”. A mesma está sendo tramitada baixo o número de expediente 4926/401.

En data 24.09.09 o Director dos Servizos Técnicos da XMU, informou o seguinte: “(...) O 4 de xuño dos correntes, a Xunta de Compensación da U.E. I-01 VILLA LAURA solicitou a recepción parcial da urbanización.

O día de hoxe non está cumprimentada a documentación requirida, polo que está sen rematar a tramitación de dita recepción parcial.

En visita de inspección o ámbito, o enxeñeiro técnico de obras públicas informa: <...> Os tramos de rúas da urbanización sobre as que se solicita recepción son as seguintes: rúa Zaragoza(entre Hispanidade e Tarragona), rúa Tarragona (entre Zaragoza e Pintor Colmeiro) e Rúa Sevilla (entre Barcelona e o aparcadoiro subterráneo).

Unha vez inspeccionadas as obras e analizados os informes das compañías subministradoras e os distintos departamentos municipais atópanse, ata o día de hoxe, as seguintes deficiencias:

- Segundo informe de Unión Fenosa do 17 de setembro de 2009 o centro de transformación nº 2 (incluído nas rúas a recibir) non ha sido cedido á compañía subministradora por parte da Xunta de Compensación, polo que non pode ser posto en servizo.
- A rede de alumado público aliméntase de un cadro xeral de alumado que se debe conectar o CT nº 2 e non pode ser legalizada, por outra banda a rede de alumado pode ser conectada provisionalmente a rede municipal existente.
- Os depósitos soterrados de lixo están rematados e coa maquinaria instalada pero non se puideron facer as probas de funcionamento dos mesmos dado que se alimentan dende o CT nº 2.
- As deficiencias detectadas por Aqualia no seu informe do 15 de xullo xa foron subsanadas.
- Existe unha acometida eléctrica de obra para o edificio nº 29 da rúa Zaragoza que descorre pola beirarrúa, esta liña poderase retirar cando se poña en funcionamento o CT nº 2.
- O departamento municipal de Montes, Parques e Xardíns no seu informe de data 14 de xullo indica que o calibre do arborado existente non cumpre co regulamento municipal, de todos modos tamén indicaron os técnicos deste departamento que aínda non se poden substituír as árbores ata non entrar en período de plantación <...>.

As obras do ámbito da UE. I01 VILLA LAURA e do aparcamento en concesión de Pintor Colmeiro,

cortan as comunicacións entre a rúa Hispanidade e Povisa –Centro de Saúde– Praza Independencia, ocasionando graves prexuízos o tráfico rodado e peonil, agravado nos últimos tempos cas obras de humanización que se están a levar a cabo no entorno da Gran Vía.

As obras, no que respecta o viario (aceiras e calzada), así coma o alumeadado público, atópanse nas debidas condicións de seguridade, polo que son susceptibles da súa posta en servizo, independentemente da necesidade de que por parte dos promotores subsanen as deficiencias que se indican no informe do enxeñeiro técnico de obras públicas recollido con anterioridade neste escrito, continuando coa tramitación das recepcións correspondentes.

Os atrasos que están a sufrir os trámites de recepción parcial das obras de urbanización da UE I-01 VILLA LAURA así como da recepción do aparcamento en concesión de Pintor Colmeiro, motivados no primeiro caso por atrasos na cumprimentación das deficiencias, débedas o contratista e trámites con Fenosa, e no segundo por demoras na subsanación dos reparos dos informes dos Servizos Municipais e na licencia de actividade, está á producir unha situación de conxestión do tráfico, que afecta o interese público.

Polo que parece conveniente que ó abeiro do art.168 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Estado (RD-1098/2001), poñer en servizo os viais relacionados o comezo, co fin de restablecer as comunicacións entre Hispanidade e Povisa –Centro de Saúde– Praza Independencia, fortemente conxestionadas polo corte de tráfico (...)”.

Segundo o informado as obras de execución da urbanización da UE I-01 Villalaura e as do aparcamento, están a ocasionar problemas no tráfico rodado e peonil, circunstancia que se encontra agravada pola execución das obras de urbanización de humanización do entorno de Gran Vía. Polo tanto, apréciase unha evidente concorrencia de razóns extraordinarias de interese público na posta en servizo dos tramos de rúas descritas no informes técnicos transcritos na presente proposta.

O artigo 218 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 168 do Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos, prevé a posibilidade da posta en servizo de certas obras sen rematar sempre que estea xustificado o interese público na utilización anticipada e posta en servizo.”

Por todo isto, á vista do informado e o contido do “Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de iniciativa privada no Concello de Vigo” aprobado polo Consello da Xerencia de data 3.09.09, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Autorizar a posta en servizo dos tramos das rúas Zaragoza (dende Hispanidade a Tarragona), Sevilla (dende zona verde a Barcelona), Tarragona (dende Zaragoza a Pintor Colmeiro), Pintor Colmeiro (dende Hispanidade a a Tarragona) e zona verde da tapa do aparcamento en concesión de Pintor Colmeiro (expte. 70/403).

2.- Remitir o presente acordo á UTE concesionaria do aparcamento “Eloyamar-Tranvías” e á Xunta de Compensación da “UE I 01 Villalaura” informando que para a recepción das obras de urbanización e das correspondentes ao proxecto de construción do aparcamento, deberá darse cumprimento ao informado polos técnicos municipais e o resto de cuestións informadas no expediente 4926/401.

3.- O presente acordo é susceptible de ser recorrido en reposición no prazo dun mes ante esta mesma Administración municipal ou potestativamente, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1251).- REALIZACIÓN DE ESTUDIO DE VIABILIDADE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NA ZONA DE BOUZAS. EXPTE. 25/105

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos do 24-09-2009, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Realizar un estudo de viabilidade económico-financeiro para a construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo na zoa de Bouzas desta cidade, con contido de alcance dos documentos esixidos no artigo 112.2 da LCSP.

SEGUNDO.- Iniciar expediente de contratación para a realización do estudo de viabilidade mencionado no parágrafo anterior.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

31(1252).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE COOPERACIÓN. EXPTE. 6279/77

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 24 de setembro do xefe de Promoción Económica e Emprego, con conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 17 de setembro de 2009, en base a Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos **Programas de Cooperación** para o exercicio do ano 2009, cos expedientes TR351A 2009/332-5, TR351A 2009/319-5, TR351A 2009/311-5, TR351A 2009/317-5, TR351A

2009/328-5, TR351A 2009/307-5, TR351A 2009/336-5, TR351A 2009/335-5, TR351A 2009/324-5, TR351A 2009/318-5 e TR351A 2009/338-5, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de **136.367,47 €**, para a posta en marcha dos Programas de Cooperación 3ª fase para o exercicio do ano 2009.

Segundo.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión dos Programas de Cooperación para o exercizo do ano 2009 conforme ao establecido na Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercizo do ano 2009, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime conveniente.

32(1253).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA “MANTEMENTO/DIVULGACIÓN DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS. EXPTE. 6277/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 24 de setembro do xefe de Promoción Económica e Emprego, con conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 10 de setembro de 2009, en base á Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos **Programas de Cooperación** para o exercizo do ano 2009, cos expedientes TR351A 2009/321-5, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de **26.520,05 €**, para a posta en marcha da obra/servizo “Mantemento/divulgación de embarcacións tradicionais” dentro dos Programas de Cooperación 1ª fase para o exercizo do ano 2009.

Segundo.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión dos Programas de Cooperación para o exercizo do ano 2009 conforme ao establecido na Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases que regulan, para o exercizo do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais.

33(1254).- BASES PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS. EXPTE.19326/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto

de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RR HH, do 24-09-2009, conformado pola xefa do servizo de RR HH, visto así mesmo o informe emitido pola Intervención Xeral o 24-09-2009, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia para proceder, previa selección, á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de catro auxiliares administrativos/as, que en todo caso non excederá do 31 de decembro de 2009, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude do Xefe da Area de Benestar Social de data 11 de xuño de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 16.613,01€ con cargo a partida orzamentaria 313.0.131.00.00. –novas contratacións do Servizo de Benestar Social ata o 31 de decembro de 2009-, para facer fronte as referidas contratacións, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período.

SEGUNDO.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo de Auxiliares administrativos/as e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

TERCEIRO.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, tras a finalización do proceso de selección, se proceda á formalización dos contratos laborais-temporais por acumulación de tarefas, ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dos/das candidatos/as propostos/as polo citado Órgano de Selección, para a realización das tarefas propias do posto de traballo de auxiliar administrativo/a, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, Cód. 301 .

Os/as candidatos/as propostos/as deberán aportar no Servizo de RR.HH. deste Concello os orixinais da titulación esixida (Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente), Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria, vida laboral actualizada e certificado médico ao que se refire o apartado b) da base 1ª das que rexen a presente convocatoria.

CUARTO.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

QUINTO.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase

preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

SEXTO.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente expediente administrativo, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de abril de 200 (BOP de 23 de xuño de 2009) e, normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

SÉTIMO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**“BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER
INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES
ADMINISTRATIVOS/AS”**

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

e) *Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, Graduado*

Escolar, FP-1 ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmentemente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar, ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCIZOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercizo.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo Órgano de Selección antes de inicia-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercizo.- Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (ms office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o tribunal.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercizo.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo

Órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

Unha vez rematadas as probas selectivas, ó Órgano de Selección proporá os/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para a súa contratación laboral temporal por circunstancias da produción”, regulada nos art. 8.2 e 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, (artigo 3) sendo este contrato o que se concerta, entre outros, para atender as esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa, sendo a súa duración máxima de seis meses, dentro dun período de doce meses.

IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación,

designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- *Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,*

Vogais:

- *Un funcionario/a de carreira do Concello, que conte con título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, como mínimo, designado polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.*

- *Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou, dos seus Organismos Autónomos, integrados como mínimo no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na

normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha **lista de substitucións**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

TEMARIO

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- Principios de actuación da administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da administración á lei e ó dereito. Fontes do dereito público.
- Tema 4.- O procedemento administrativo: principios xerais e fases. Os recursos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 5.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 6.- A provincia. A súa organización e competencias. Outras entidades locais.
- Tema 7.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 8.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.
- Tema 9.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións dos acordos.
- Tema 10.- O empregado público local e a súa organización. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O réxime disciplinario e de incompatibilidades.
- Tema 11.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 12.- Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Réxime xurídico do gasto público local. Os presupostos locais.

34(1255).- BASES PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA TÉCNICO/A MEDIO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 19308/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RR HH, do 14.09.2009, conformado pola xefa do servizo de RR HH, visto o informe emitido pola Intervención Xeral de data 24 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder, previa selección, ao nomeamento dun/ha

funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico Medio de Normalización Lingüística, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA TÉCNICO/A MEDIO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA”

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

- a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*
- b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*
- c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*
- d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) *Estar en posesión do título de Licenciado/a ou Diplomado en Filoloxía Galega, titulación exixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.*

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial

legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar, ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Polo contido da praza e as funcións propias do posto de traballo, os exercicios da oposición realizaranse en lingua galega.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, a tres temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, un da parte xeral e outros dous da parte específica.

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle a/o aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, e consistirá en desenvolver dous supostos prácticos relacionados co temario específico, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes, debido ao

contido da praza e as funcións propias do posto de traballo.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística.

Avaliarase dita proba de 0 a 5 puntos, quedando excluído o/a opositor/a que non acade un mínimo de 2,5 puntos.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá os/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas, (Artº. 10.1 d) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público).

IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira do Concello, que conte con título de Diplomado/a Universitario ou equivalente como mínimo, designado polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.

- Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou, dos seus Organismos Autónomos, integrados como mínimo no subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos

dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

T E M A R I O

BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.*
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.*
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.*
- Tema 5.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- Tema 6.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.*
- Tema 7.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacóns e notificacións.*
- Tema 8.- Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.*

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1. A situación sociolingüística do idioma galego I. Bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico. Mantemento e substitución lingüística.*
- Tema 2.- A situación sociolingüística do idioma galego II. Coñecementos, usos e actitudes.*
- Tema 3.- A situación sociolingüística do idioma galego no concello de Vigo.*
- Tema 4. A lexislación lingüística: o marco europeo, estatal e galega. A lei de normalización lingüística.*
- Tema 5. A lexislación lingüística na función pública. A normativa no ámbito local, e en particular no Concello de Vigo. Os perfís lingüísticos.*
- Tema 6. Normalización lingüística. Liñas xerais no proceso de normalización lingüística.*
- Tema 7.- Definición e obxectivos da planificación lingüística.*
- Tema 8.- A dinamización lingüística. Definición e obxectivos da dinamización lingüística.*
- Tema 9.- Os plans de dinamización lingüística. Criterios de elaboración dun plan de dinamización lingüística. O plan xeral de normalización lingüística.*
- Tema 10. Os servizos lingüísticos. Os servizos de normalización lingüística. Definición, organización e funcións.*
- Tema 11.- A normalización lingüística no ámbito da administración pública. A normalización lingüística no ámbito da administración local. A intervención dende os concellos.*
- Tema 12.- Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos educativo, institucional, socioeconómico e da comunicación en Galicia.*
- Tema 13.- Institucións, organismos públicos e organizacións sociais relacionados coa normalización lingüística.*
- Tema 14.- Política e planificación lingüística no Concello de Vigo. O SNL do Concello de Vigo.*
- Tema 15.- O plan de dinamización lingüística do Concello de Vigo.*
- Tema 16.- O galego hoxe, o estándar e as variedades. Problemas e avances da estandarización do galego.*
- Tema 17.- A terminoloxía no ámbito galego. Principios básicos do traballo terminolóxico. Normalización lingüística, planificación lingüística e terminoloxía.*

Tema 18.- *A linguaxe administrativa galega. A redacción administrativa. Técnicas de redacción. A linguaxe non sexista.*

Tema 19.- *Europa multilingüe. Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa.*

Tema 20.- *O caso español. Linguas minorizadas e minorías lingüísticas no Estado español.*

35(1256).- BASES PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE INTERINAXE, CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/HA OFICIAL DESINFECTOR/A. EXPTE. 19306/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RR HH, do 14.09.2009, conformado pola xefa do servizo de RR HH, visto así mesmo o informe emitido pola Intervención Xeral de data 24 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas, previa selección, dun/ha oficial desinfectora/a, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da Xefatura do Laboratorio Municipal de data 8 de setembro de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 5.673,33€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte a referida contratación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

Terceiro.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, trala finalización do proceso de selección, se proceda á formalización do contrato laboral-temporal por acumulación de tarefas, ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, do/da candidato/a proposto polo citado Órgano de Selección, para a realización de tarefas de desinfección, desinsectación e desratización no termo municipal, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 240-Oficial desinfectora/a, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, sendo adscrito/a ao Laboratorio Municipal, Cód. 313.

O/a candidato/a proposto/a deberá aportar no Servizo de RR.HH. deste Concello os orixinais da titulación esixida (Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente), Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria, vida laboral actualizada e

certificado médico ao que se refire o apartado b) da base 1ª das que rexen a presente convocatoria.

Cuarto.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

Quinto.- A xornada laboral do/a traballador/a contratado/a, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requirimento do Servizo fose necesario.

Sexto.- Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, modificadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2009 (BOP de 23 de xuño seguinte), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”.

ANEXO

BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE INTERINAXE POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/HA OFICIAL DESINFECTOR/A -

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos*

por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP-1º Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21/01/2009, publicado no BOP de data 18 de marzo de 2009.

Así mesmo os/as aspirantes deberán contar **co carné de manipulador e/ou aplicador de plaguicidas establecido no Decreto 9/2002**, no que se establece que todo o persoal das empresas e establecementos dedicadas a realización de tratamentos con produtos de uso fitosanitario, plaguicidas de uso ambiental e/ou uso na industria alimentaria, así como, o persoal de establecementos de fabricación, almacenamento, venta ou distribución, ou que de calquera outro modo, manipule ou apliquen os produtos regulados no Real Decreto 3349/1983, deberán estar en posesión del carné de manipulador e/ou de aplicador de plaguicidas.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases. O número de preguntas non poderá ser inferior a vinte, e a duración da proba será fixada polo órgano de selección antes de inicia-lo exercicio.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor/a que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver un suposto práctico relacionado coa parte específica do temario, que pode constar de varios exercicios, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos noveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, o órgano de selección propoñerá ao candidato/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para a súa contratación laboral de interinaxe por acumulación de tarefas (Artº. 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores e, Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro).

IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de mais difusión na prensa local. A instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos

lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira do Concello, integrado como mínimo no subgrupo C2 de titulación, con título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente, tamén como mínimo, designado polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.

- Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, integrados como mínimo no subgrupo C2 de titulación, que dispoñan do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico-administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

*Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha **lista de substitucións**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación.*

T E M A R I O

BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.*
- Tema 2.- Organización municipal. Competencias.*
- Tema 3.- Dereitos e deberes dos traballadores segundo o Estatuto. Faltas e sancións, procedemento sancionador do persoal laboral segundo o Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo.*

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- Oficial de desinfección: Funcións e tarefas no desenvolvemento de servizos D.D.D.*
- Tema 2.- Oficial de desinfección: Labores de inspección, diagnóstico, aplicación de métodos de control e avaliación do tratamento D.D.D.*
- Tema 3.- Biocidas: Clasificación, xeneralidades e modo de acción. Lexislación.*
- Tema 4.- Biocidas: Etiquetado, fichas de datos de seguridade e fichas técnicas. Lexislación.*
- Tema 5.- Transporte, almacenamento e distribución. Lexislación.*
- Tema 6.- Formulacións. Preparación. Equipos de aplicación.*
- Tema 7.- Principais pragas de roedores. Monitoreo de roedores. Biocidas raticidas e raticidas. Desratización activa e pasiva.*

- Tema 8.- *Principais pragas de insectos e ácaros. Bioloxía dos mesmos. Insecticidas e acaricidas. Métodos de loita antivectorial en ambientes urbanos.*
- Tema 9.- *Axentes produtores de enfermidades. Desinfección. Biocidas utilizados. Técnicas de aplicación.*
- Tema 10.- *Biocidas e medio ambiente. Precaucións. Eliminación de restos e envases. Lexislación.*
- Tema 11.- *Precaucións e normas de seguridade. Equipos de protección persoal. Saúde laboral.*
- Tema 12.- *Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios no caso de intoxicación por biocidas. Antídotos.*

36(1257).- BASES PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA TÉCNICO/A MEDIO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS. EXPTE. 19288/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RR HH, de data 14.09.2009, conformado pola xefa do Servizo de RR HH, visto o informe emitido pola Intervención Xeral con data 24 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.-Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento, previa selección, dun/ha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico Medio de Actividades Turísticas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 18.782,96€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte a referida contratación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA TÉCNICO/A MEDIO/A DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS”

I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

- a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*
- b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*
- c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*
- d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) *Estar en posesión do título de Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.*

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar, ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, a tres temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, un da parte xeral e outros dous da parte específica.

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, e consistirá en desenvolver dous supostos prácticos relacionados co temario específico, no tempo de realización que acorde o Órgano de selección.

Na realización deste exercicio, o Órgano de Selección poderá establecer a utilización dun ou mais dos programas e recursos informáticos turísticos seguintes: internet, xestión de páxinas web e tratamento de textos, bases de datos e follas de cálculo de software libre.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 5 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter voluntario.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento de inglés, a determinar polo Tribunal, que se avaliará de 0 a 2 puntos.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá os/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas (Artº. 10.1 d) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Emprego Público).

IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira do Concello, que conte con título de Diplomado/a Universitario ou equivalente como mínimo, designado polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.

- Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou, dos seus Organismos Autónomos, integrados como mínimo no subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivado na acta.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

T E M A R I O

BLOQUE I: PARTE XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 4.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 5.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e

- certificados dos acordos.
- Tema 6.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
- Tema 7.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicaci3ns e notificaci3ns.
- Tema 8.- Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- O concepto de turismo e turista. Oferta e demanda de turismo. Formas de turismo e tipoloxía de turistas. Estrutura social da demanda de turismo. A industria e a civilizaci3n do ocio. Oferta e demanda de ocio.
- Tema 2.- A xeografía do turismo e do ocio. Principais mercados emisores e receptores a nivel mundial. Importancia do turismo en España.
- Tema 3.- A importancia do turismo en Galicia. Os destinos turísticos en Galicia. Os produtos turísticos en Galicia. Procedencia e socioloxía dos turistas achegados a Galicia.
- Tema 4.- Planificaci3n turística. Instrumentos de ordenaci3n dos recursos turísticos. O medio ambiente e o desenvolvemento turístico. Medio natural e política turística. O desenvolvemento sostible.
- Tema 5.- Xestión de calidade en empresas e destinos turísticos. Estratexias para a mellora da calidade nos produtos turísticos.
- Tema 6.- A demanda turística. Factores, tendencias turísticas. Oportunidades de negocio.
- Tema 7.- A oferta turística. Produtos turísticos xerais e especializados. Creaci3n de produtos turísticos. Promoci3n e comercializaci3n dun destino turístico.
- Tema 8.- O turismo cultural: recursos. Turismo cultural e desenvolvemento endóxeno. Participaci3n social. Os recursos culturais do termo municipal de Vigo e a súa relaci3n co turismo.
- Tema 9.- O turismo no medio rural. Establecementos e tipos de aloxamentos. Requisitos.
- Tema 10.- O turismo de natureza. Características. O medio natural como argumento de desenvolvemento turístico. O turismo activo. Requisitos das empresas de turismo activo.
- Tema 11.- O turismo cultural. Os recursos do turismo cultural. Turismo cultural e desenvolvemento endóxeno. Participaci3n social.
- Tema 12.- As empresas de intermediaci3n turística. As axencias de viaxe. Clasificaci3n. Responsabilidades. Réxime de dereitos e obrigaci3ns. Lexislaci3n.
- Tema 13.- As empresas turísticas. Os operadores turísticos. Elaboraci3n e comercializaci3n de paquetes turísticos. Cadeas hoteleiras. Clasificaci3n e ordenaci3n.
- Tema 14.- A formaci3n do persoal das empresas turísticas. Cursos de formaci3n. Técnicas de formaci3n e avaliaci3n profesional. Programas de reciclaxe. Proxectos europeos de axuda a formaci3n.
- Tema 15.- A importancia económica do turismo. As estatísticas do turismo. Os indicadores de actividade turística. Análise e avaliaci3n das tendencias. A importancia económica do turismo en Galicia.
- Tema 16.- A importancia do turismo na economía do concello de Vigo e a súa comarca. Plans de actuaci3n turística.
- Tema 17.- Competencias da Comunidade autónoma de Galicia en materia turística. Lexislaci3n en Galicia en materia de ordenaci3n e promoci3n do turismo.
- Tema 18.- A cidade e o turismo. Produtos urbanos turístico-culturais. A recuperaci3n do patrimonio como produto turístico. As actividades de ocio como produto turístico.
- Tema 19.- Recursos naturais e turismo. O patrimonio cultural, histórico e natural como recurso turístico. Os ecomuseos. O hábitat tradicional galego como recurso turístico.
- Tema 20.- Marco legal de protecci3n do patrimonio cultural e turístico de Galicia.

- Tema 21.- *O Padroado Provincial de Turismo “Rías Baixas”.*
- Tema 22.- *Coñecemento de Galicia: produtos turísticos e destinos en Galicia.*
- Tema 23.- *Coñecemento de Galicia: espazos naturais protexidos e lugares de interese. Principais festas e eventos.*
- Tema 24.- *Coñecemento de Vigo: produtos turísticos de Vigo e comarca. Potencial turístico e principais festas, lugares e eventos.*
- Tema 25.- *O Eixo Atlántico como rexión europea. Caracterización xeográfica e das comunicacións. Potencialidades turísticas do Eixo. Principais espazos e eventos no Eixo.*
- Tema 26.- *Historia e xeografía de Galicia.*
- Tema 27.- *Historia, xeografía e comunicacións de Vigo e comarca.*
- Tema 28.- *Oficinas de información de turismo. Clases e funcións. As oficinas de información de turismo en Galicia. Especial referencia ao Concello de Vigo.*
- Tema 29.- *O informador turístico. Función do informador turístico. Modelos de información. As novas tecnoloxías e a súa incidencia na información turística.*
- Tema 30.- *Subvencións en materia de turismo. Obxecto, finalidade. Conceptos subvencionables. Procedemento. Ordes e convocatorias.*
- Tema 31.- *Municipios turísticos. Requisitos. Elementos que se poden valorar. Procedemento para a declaración. Perda da condición. Vantaxes da declaración e sistemas de axudas.*
- Tema 32.- *Políticas de promoción turística en Galicia. A empresa Turgalicia. Funcións. Competencias. Organización. Principais produtos turísticos ofertados.*
- Tema 33.- *Campañas de promoción turística. Planificación. Medios. A organización da promoción turística. A mercadotecnia da industria turística. Instrumentos.*
- Tema 34.- *Xestión de establecementos turísticos. Organización e administración de empresas de aloxamento e restauración. Análise de estados contables. Estruturas e equipamentos.*

37(1258).- BASES PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE.19307/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RR HH, de data 14-09-2009, conformado pola xefa do Servizo de RR HH, visto o informe emitido pola Intervención Xeral o 24-09-2009, a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Declara-la urxencia para proceder, previa selección, á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de seis Diplomados/as en Traballo Social, que en todo caso non excederá do 31 de decembro de 2009, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude do Xefe da Área de Benestar Social de data 11 de xuño de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 56.348,82€ con cargo a partida orzamentaria 313.0.131.00.00. –novas contratacións do Servizo de Benestar Social ata o 31 de decembro de 2009-, para facer fronte as referidas contratacións, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período.

SEGUNDO.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo de

Diplomados/as en Traballo Social e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.

TERCEIRO.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, tras a finalización do proceso de selección, se proceda á formalización do contrato laboral- temporal por acumulación de tarefas, ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dos/das candidatos/as propostos/as polo citado Órgano de Selección, para a realización das tarefas propias do posto de traballo de Diplomado/a en Traballo Social, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81- Diplomado/a en Traballo Social, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, Cód. 301 .

Os/as candidatos/as propostos/as deberán aportar no Servizo de RR.HH. deste Concello os orixinais da titulación esixida (Diplomatura en Traballo Social), Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria, vida laboral actualizada e certificado médico ao que se refire o apartado b) da base 1ª das que rexen a presente convocatoria.

CUARTO.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo á duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

QUINTO.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

SEXTO.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ou ser excepcionalmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, previa tramitación do correspondente expediente administrativo, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de abril de 2009 (BOP de 23 de xuño de 2009) e, normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

SÉTIMO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

“BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL”

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

c) *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

e) *Estar en posesión do título de Diplomado/a en Traballo Social, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.*

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar, ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos

órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, a tres temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, un da parte xeral e outros dous da parte específica.

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acadese un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, e consistirá en desenvolver dous supostos prácticos relacionados co temario específico, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acadese un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 5 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos noveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, a Comisión de Valoración propondrá os/as candidatos/as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para a súa contratación laboral temporal por circunstancias da produción”,

regulada nos art. 8.2 e 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, (artículo 3) sendo este contrato o que se concerta, entre outros, para atender as esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa, sendo a súa duración máxima de seis meses, dentro dun período de doce meses.

IV.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 3 días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal, www.vigo.org.. A lista de admitidos e excluídos e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

- Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao

órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

- Un funcionario/a de carreira do Concello, que conte con título de Diplomado/a Universitario ou equivalente como mínimo, designado polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.
- Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo ou, dos seus Organismos Autónomos, integrados como mínimo no subgrupo A2 de titulación, que dispoñan do título de Diplomado/a Universitario ou equivalente, tamén como mínimo, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha **lista de substitucións**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

TEMARIO
BLOQUE I: PARTE XERAL

- 1.- *A constitución española de 1978: Principios xerais e estrutura.*
- 2.- *A Unión Europea: Orixe, Institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento: composición e atribucións.*
- 3.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia : principios xerais e estrutura*
- 4.- *O Municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*
- 5.- *Organización Municipal. Competencias municipais.*
- 6.- *Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- 7.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións, O procedemento disciplinario.**

BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1.- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*
- Tema 2.- Ley 39/2006, do 14 de decembro, de promoción e autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Normativa galega vinculada (Decreto 176/2007, do 6 de setembro)*
- Tema 3.- Renda de integración social de Galicia.*
- Tema 4.- O II plan galego de inclusión social 2007-2013: estrutura e contidos. Fases do proceso de inserción laboral.*
- Tema 5.- O departamento municipal de servizos sociais. Concepto. Organización. Funcións. Áreas de intervención. Recursos.*
- Tema 6.- O servizo de axuda a domicilio. Orde do 22 de xaneiro de 2009.*
- Tema 7.- Soportes documentais en traballo social. Documentos xerais e comúns a outros departamentos. Documentos específicos dos servizos sociais.*
- Tema 8.- Planificación e organización en servizos sociais. Os obstáculos na planificación.*
- Tema 9.- A investigación en traballo social. A investigación adaptada ós grupos de discusión.*
- Tema 10.- A avaliación en traballo social: proceso e técnicas.*
- Tema 11.- A acción interdisciplinaria no traballo social*
- Tema 12.- Xénese e consolidación da marxinación. Causas determinadas da marxinación social. Factores que interveñen na marxinación social.*
- Tema 13.- A familia. Tipoloxía da familia. A familia na sociedade actual. Funcións da familia. A Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral.*
- Tema 14.- Voluntariado, ONXs e asociacionismo.*
- Tema 15.- Sistema informático de usuarios dos servizos sociais.*
- Tema 16.- Intervención e coordinación no traballo con familias en situación de desvantaxe social.*
- Tema 17.- Infancia e mocidade: prestacións e axudas.*
- Tema 18.- O fenómeno da inmigración e o retorno. A súa integración social.*
- Tema 19.- Persoas maiores: aspectos sociais e prestacións.*
- Tema 20.- Minusvalidez: aspectos sociais e prestacións.*
- Tema 21.- O traballo social con drogodependentes: dispositivos e programas asistenciais do Plan*

Galicia sobre drogodependencias,

Tema 22.- A intervención social en procesos de exclusión con persoas sen fogar.

Tema 23.- O desemprego. A súa incidencia nos servizos sociais. O papel do traballador social.

Tema 24.- A problemática da vivenda. Os seus efectos sociais.

Tema 25.- Servizos sociais e muller: programas, recursos e equipamentos.

38(1259).- CONTRATACIÓN DE CINCO SUBALTERNOS PARA O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 19324/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 23 de setembro de 2009 emitido polo técnico de organización e planificación de RR.HH., visto o informe da Intervención Xeral de data 24 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de cinco subalternos/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos das solicitudes do xefe do servizo de Educación de datas 4 e 20 de maio de setembro de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 25.951,10€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

Segundo.- Autorizar a contratación de D. Ivan Pampín Fojo, DNI 77.401.922-E, D. Diego Vázquez Villaverde, DNI 36.164.944-C, D^a. María Paz Alonso Davila, DNI 36.076.952-A, D^a. Rocío Ojea González, DNI 76.914.415-T e, D. Antonio Castro Pardal, DNI 36.153.317-P, como subalternos/as, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres mais, ata completar un máximo de seis meses (1 de outubro ó 31 de decembro de 2009) para a realización de tarefas de vixilancia de instalacións municipais nos colexios públicos desta cidade, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición de subalternos na última convocatoria da Oferta de Emprego Público, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, subalterno/a, sendo adscritos ó Servizo de Educación (cód. 332).

Formalizaranse cos interesados, contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.

Terceiro- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuais de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados

dende o 1 de xullo do 2006), podendo comprobarse no programa de xestión de persoal que os candidatos propostos, non vulneran o establecido no referido precepto legal.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei

39(1260).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.
am/kv/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.